

## PEDRO PARDO DE CELA ( ??-1483)



Pardo de Cella resistía na Provincia de Mondoñedo, mentras que levaban a cabo a "Doma y Castración del Reino de Galicia".

A muller de Pardo de Cella, nunha audiencia coa súa curmá a Raiña Isabel, consegue o indulto para os nobres galegos condeados a morte. De regreso a Mondoñedo, pouco antes da execución do Marechal, foi entretido na Ponte do Pasatempo polos secuaces do Bispo de Mondoñedo, Fadrique de Guzmán, que querían interceptar o indulto. Ó mesmo tempo, o Bispo ordeou apura-la execución.

Conta a lenda que a cabeza do Marechal foi rodando ata a porta da Catedral mentres berraba: "Credo, credo, credo".

## ANGEL CUSTODIO GONZÁLEZ DE SANTAVALLA (1749-1804)



Mestre de Capela na Catedral mindoniense en 1782 cando contaba cuns 35 anos

No arquivo da Catedral mindoniense consérvanse a maior parte das obras compostas por Santabayaentre as que se encontran varias misas, salmos, himnos, motetes, tonadillas, arias, e numerosas panxoliñas, algunhas destas con letra en lingua galega

Foi mestre de José Pacheco que o sucederá no cargo

## JOSÉ EUSEBIO PACHECO BASANTA (1784-1865)



Debido ao seu cargo, Mestre de Capela, deixou moitas obras: misas, salmos, himnos, arias, panxoliñas,... Destes últimos parte teñen a súa letra en galego. Entre as súas obras podemos destacar o ***Plorans***.

Polo ano 1.809 dirixía unha comparsa composta de gaita, tambor e outros instrumentos. Foi mestre de Pascual Veiga, e acolleuno como neno de coro catedralicio

Hai que lembrar que Santavalla e o seu discípulo José Pacheco foron os compositores da música das panxoliñas escritas polos poetas da Escola Mindoniense de Cantores do Nadal a finais do século XVIII e principios do XIX.

## PASCUAL VEIGA IGLESIAS (1842-1906)



Foi un compositor moi precoz, que sendo soamente un neno xa compuxera un setenario á Nosa Señora dos Dolores. Funda e dirixe o Orfeón Coruñés, unha das primeiras agrupacións corais de Galicia. Compón a música de varias obras do seu amigo Francisco de la Iglesia entre as que destacan Os Ártabros, unha ópera en galego. No 1.880 compón a música de A estrela coruñesa, que mais adiante acadaría o título de Alborada de Veiga. Estrena esta peza dirixindo o Orfeón Brigantino. En 1.889 interpreta a Alborada en París, co gallo da Exposición Universal, e obtén a Medalla de Ouro. Nese mesmo ano, en colaboración con Pondal, compón a música do poema Os Pinos, que anos despois pasaría a ser o Himno Galego.

# HINO GALEGO

Poesía de Eduardo Pondal

Música de Pascual Veiga

Marchal: *f*

1.ª Vox: *P.*  
Que din os rumo-ro---sas na cos-ta verde-cen-te, o rayo traspa-ren---te do

2.ª Vox: *P.*  
Que din os rumo-re---sas na cos-ta verde-cen-te, o rayo traspa-ren---te do

3.ª Vox: *P.*  
Que din os rumo-ro---sas na cos-ta verde-cen-te, o rayo traspa-ren---te do

prá-ci-do lu--ar. Que din as altas co---pas d'es-curo aru-me arpa---do co

prá-ci-do lu--ar. Que din as altas co---pas d'es-curo aru-me arpa---do co

prá-ci-do lu--ar. Que din as altas co---pas d'es-curo aru-me arpa---do co

seu ben compasa---do mo---nó-to-no fungar. Do teu verbor cin-gui-do é de be-ni--nos

seu ben compasa---do mo---nó-to-no fungar. Do teu verbor cin-gui-do é de be-ni--nos

seu ben compasa---do mo---nó-to-no fungar.

*P.*

## MANUEL LEIRAS PULPEIRO (1854-1912)



No ano 1887 participou no "Proxecto de Constitución para o futuro estado galego", discutido en Lugo.  
No 1905 rexeitou o nomeamento de membro numerario da Academia Galega.  
En 1910 participou nun certame poético en Vigo, onde gañou un premio co seu poema "Un Galo". No 1911 publica "Cantares Gallegos"..

## ANTONIO NORIEGA VARELA (1869-1947)



En 1927 foi nomeado membro da Real Academia Galega.  
A parte da súa época de escritor agrarista en diversas revistas, Noriega Varela é autor dun único poemario, *Montañesas* (1904)  
En 1969 celebrouse o día de las Letras Galegas na súa honra.

## EDUARDO LENCE-SANTAR Y GUITIAN (1876-1960)




Autodidacta sen formación académica, gran observador e interesado pola lectura. É ademais un prolífico escritor membro da *Real Academia Galega* dende 1905, membro do *Instituto Histórico do Minho* de Viana do Castelo dende 1922 e membro do *Congreso de Estudios Sociales* de Madrid dende 1945.

Ademais foi nomeado Cronista Oficial de Mondoñedo en 1917, cargo que desempeñará ata a súa morte e en 1949 o Goberno outórgalle a encomenda *Orde Civil de Afonso X o Sabio*

Lence é autor prolífico, tanto en cantidade de obras como en variedade das mesmas. Desde 1907 publica artigos históricos referidos a Mondoñedo (entendida esta como cidade, diocese ou territorios que constituían a antiga provincia) en xornais de Galicia, La Habana e Buenos Aires.



## VICTORIANO LÓPEZ GARCÍA (1910-1995)



Goya de honra, recolleu o galardón na sexta edición dos Goya, en 1990

A súa paixón polo cine comezou na vila natal, xa que o seu avó era o dono do único cine de Mondoñedo. "O local estaba nun baixo do Casino e ía moito alí cos meus amigos, entre os que estaba Álvaro Cunqueiro", lembra.

En 1941 desenvolveu un curso de cine nesa escola de enxeñeiros industriais, a súa primeira achega para que o alumnado puidese encamiñar os seus pasos cara a cinematografía.

No ano 1947 funda e dirixe o Instituto de Investigaciones y Experiencias Cinematográficas, onde exercerá como profesor de óptica e cámara.

Polas súas aulas pasaron directores sobranceiros como Berlanga, Bardem e Borau e entre o importante profesorado que daba clase quero lembrar a José Luis Fernández Encinas,



## ALVARO CUNQUEIRO MORA (1911-1981)



A súa obra toca tódolos xéneros, dende narración ata libros de cociña, pasando pola poesía e o drama. Son obras de Cunqueiro: *Merlín e familia*, *As crónicas do sochantre*, *Os outros feirantes*, *Don Hamlet*, *Herba aquí e acolá*, *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, *Escola de menciñeiros*. O día 17 de maio de 1991 celebráronse as Letras Galegas na súa honra

## MANUEL LEDO BERMÚDEZ. O PALLAREGO (1900-1964)



Nace no barrio dos Muíños. De neno é admitido como cantor de coro da Catedral, formándose logo no violín. Ademais de violinista, porteiro do casino e presidente da *Sociedad de Obreros Católicos*, *quot; O Pallarego quot;* aprende con José Ramón García o *quot; Romeiro quot;* o oficio de barbeiro. Con dezaseis anos establece o seu negocio na Fonte Vella. Alí pasará horas Cunqueiro, nos faladoiros co seu barbeiro *de cámara*, chegando a ser grandes amigos e bebendo del moita sabedoría e inspiración.

## MANUEL LEDO BERMÚDEZ. O PALLAREGO (1900-1964)



Nace no barrio dos Muíños. De neno é admitido como cantor de coro da Catedral, formándose logo no violín. Ademais de violinista, porteiro do casino e presidente da *Sociedad de Obreros Católicos*, "O Pallarego"; aprende con José Ramón García o "Romeiro"; o oficio de barbeiro. Con dezaseis anos establece o seu negocio na Fonte Vella. Alí pasará horas Cunqueiro, nos faladoiros co seu barbeiro *de cámara*, chegando a ser grandes amigos e bebendo del moita sabedoría e inspiración.

11.—Mondoñedo.—Hospital de San Pablo  
y Cárcel del partido.





3.—Mondoñedo.—La Catedral y Plaza de Alfonso XIII.







**Manuel Leiras Pulpeiro:** *"Amou a verdade e practicou o ben"*.

Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo 1854-1912) foi médico, poeta, lexicógrafo e etnógrafo. De ideais galeguistas e anticlericais, formou parte do republicanismo federal. Foi unha persoa consecvente cos seus ideais laicos ata o final dos seus días pois casou e foi soterrado polo civil, un escándalo no Mondoñedo levítico daqueles tempos.

Como poeta cultivou a poesía de denuncia social e patriótica, converténdose nunha das figuras do Rexurdimento a pesar de que só publicou en vida a obra "Cantares Gallegos". Rexeitou formar parte como membro numerario da Real Academia Galega por considerar que non reunía os méritos necesarios. Proba de que M. Leiras Pulpeiro foi, sobre todo, unha boa persoa é que era coñecido como o “médico dos pobres”; endexamais deixou de atender, e mesmo de auxiliar economicamente para mercar as medicinas, a quen precisase dos seus servizos. Non sorprende entón que na homenaxe que se lle rendeu en 1921, custeado por mindonienses residentes en Arxentina, se lembrase nun epitafio sobre a súa tumba que “Amou a verdade e practicou o ben”.

### **Grupo Literario Leiras Pulpeiro (GLLP)**

O Grupo Literario “Leiras Pulpeiro” foise conformando en Mondoñedo ao longo do ano 2013. Sendo Mondoñedo a referencia espacial e afectiva, o colectivo está composto na actualidade por máis de 30 persoas de moi diferentes lugares e ocupacións. Profesores, escritores, artistas, estudosos e amantes da obra e do exemplo cívico de Manuel Leiras Pulpeiro, que pretenden aportar ideas e proxectos para que o prestixio herdado do pasado non se esvaeza e traballar para que o presente e o futuro de Mondoñedo e das súas xentes acrecente e consolide un ben patrimonial que, sendo local, tamén é universal.

## Álvaro Cunqueiro Mora (1910-1981)

Palabras que pronunciou na homenaxe que lle tributaron en Vigo o 25 de abril de 1980

Loubado seña Deus porque me permitiu nacer, medrar, facerme home i agora envellecer neste grande reino que chamamos Galicia; neste grande reino do Fisterre que vai dende os montes hasta o mar, onde brillan os pes do vento; a este país dos dez mil ríos, do vello camiño das peregrinacións, a este país dos mil vales, a este país fermoso e eternamente verde, Patria querida, a terra do senso bardesiano: as patrias son a Terra i os mortos. Gracias a Deus por este Reino. Loubado seña Deus tamén por terme dado o don da fala nosa. Por haberme ensinado a decir «rula» i «abidueira», e «dorna» e «ponte» e «fonte». I entón eu sabendo estas palabras era verdadeiramente dono da rula, e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte. As miñas invencións i as miñas maxias teñen embargantes un senso máis fondo: por riba e por baixo do que eu fago eu quixen e quero que a fala galega durase e continuase, porque a duración da fala e a úneca posibilidade de que nós duremos coma pobo. Eu quixen que Galicia continuase, i o lado da patria terrenal, da patria que son a terra i os mortos, hai esta outra patria que é a fala nosa. Se de min algún día, despois de morto, se quixera facer un eloxio, e eu estivera dando herba na Terra Nosa, podería decir a miña lápida: «eiqui xaz alguén que coa súa obra fixo que Galicia durase mil primaveiras mais». Tamén teño que dar gracias a Deus por haber nacido nesta nación galega entre vos. por haber nacido no noso tempo e ser amigo voso; gracias por tanta xenerosidade que tivéstedes e tedes connigo.

*“Se viñera á S. Lucas un perfumista de París, eu levaríao á Fonte Vella, para que ulise lentamente o aroma da herba recen cortada, e partindo dela, inventase un perfume de outono”*

*A comezos do século vinte, Leiras Pulpeiro adicáballe a Pascual Veiga un poema ben fermoso:*

## **A P. VEIGA NO 1º ENTERRO EN MADRID**

Ben pode Mondoñedo, dende agora,  
Anque vista farrapos, ter fachenda,  
e, sin se engurriñar, a quenes cheguen  
abrir en par as portas, pra que o vexan!  
Que, si pazos non ten, nin ten alaxes,  
Nin nada de seu vello grorias lembra,  
Abóndanlle pra honrarse, e pra que o honren,  
*A casiña* onde emburullano a Veiga

.....  
i-o campião frorido onde os seus osos  
da Patria agardan a *cumprida ofrenda*.

## **A P. VEIGA NO 2º ENTERRO EN MONDOÑEDO**

Non che pete por erguerte  
Que non se ve volta en nada...;  
Anque se oi moito a Alborada  
naide acertou a entenderte...!  
Como reza o Padrenuestro  
sin sentir pinta o que dice,  
así este pobo infelice  
canta o teu canto maiestro!  
Porque todo il enganado  
i atontado esta pro grace  
e non hai que lle faiga que ande,  
nin quen lle esperte o sentido!

**LEIRAS PULPEIRO**, Manuel. Nado en Mondoñedo o 25 de outubro de 1854 e alí exerceu a Medicina dende 1878 ata a súa morte (9-XI-1912). Cursou Latín e Humanidades no Seminario da súa cidade e fixo os estudos universitarios en Madrid, onde se licenciou no 1877. Republicano federal casouse polo civil, con María del Milagro Audia Villar, en 1888, data na que xa naceran os seus dous primeiros fillos (Alfredo, 1883, y Juliano Vicente, 1886). O «acontecimiento» orixinou estas palabras no periódico madrileño. *Los del libre pensamiento*:

*«... a últimos del mes próximo se casó por lo civil el ilustradísimo médico Dn Manuel Leiras Pulpeiro a cuyo acto concurrió gran número de amigos y correligionarios de dicho señor. Este es el presidente del Comité republicano federal de esta población. No puede V. figurarse los obstáculos e influencias efecto su noble y honrado intento [...] En el pulpito, en el confesonario, en la calle y en todas partes, los de la sotana no hacían más que desafiar con la excomunión y con el infierno, no tan sólo a los que lean tal periódico sino también a los que se relacionen con el Sr. Leiras y a los enfermos que se consulten con él y necesiten de sus auxilios. Dicen también que el comerciante no le debe vender ningún género, que el sastre no le debe hacer vestido, la panadera el pan, el zapatero el calzado, y, en fin, que nadie, absolutamente nadie, puede tener con él clase de relación alguna, so pena de excomunión y, por consiguiente, el infierno ». Así se expresaba en el núm. 310 de esa publicación (6-X-1888) alguien que firmaba «El Corresponsal».*

*Dominicales del libre pensamiento:* «... a últimos del mes próximo se casó por lo civil el ilustradísimo médico Don Manuel Leiras Pulpeiro a cuyo acto concurrió gran número de amigos y correligionarios de dicho señor. Este es el presidente del Comité republicano federal de esta población. No puede V. figurarse los obstáculos e influencias que le pusieron... para que no llevase a efecto su noble y honrado intento [...] En el púlpito, en el confesonario, en la calle y en todas partes, los de la sotana no hacían más que desafiar con la excomunión y con el infierno, no tan sólo a los que lean tal periódico sino también a los que se relacionen con el Sr. Leiras y a los enfermos que se consulten con él y necesiten de sus auxilios. Dicen también que el comerciante no le debe vender ningún género, que el sastre no le debe hacer vestido, la panadera el pan, el zapatero el calzado, y, en fin, que nadie, absolutamente nadie, puede tener con él clase de relación alguna, so pena de excomunión y, por consiguiente, el infierno». Así se expresaba en el núm. 310 de esa publicación (6-X-1888) alguien que firmaba «El Corresponsal». J. A. Durán, que conoce

## O UN GALO

*(Premiada no Certame literario. celebrado na  
cidade de Vigo en Agosto do 1910)*

Lema:

«Cantei como mal sabía  
dándolle eviravoltas...»

R.C.

### I

—¡Gracias a Dios que chegaron  
As festas!

—Xa me tardaban,  
Pra botar lonxe a tristura,  
E desengueimar as zancas;  
Que, co conto da Coresma,  
Téñoas de todo engeimadas.  
—Dicen que hai un galo xebre!  
—¡Ai, haberá, que os de Masma  
Foron sempre fachendosos,  
E han querer levar a palma.  
—Pero, inda habemos miralo:  
Que nestas catro semanas.

Que de aquí ao noso nos quedan  
Mal será que non se vaia  
Dando co algúns pra escolleremos  
Un que ao seu lle leve as barba  
Co istas e outras, salindo.  
De agucharser, da cabana  
Da baiuca do da Xesta  
Mentras un bullón pasara.  
Cinco ou seis mozos da Costa  
Iban domingo de Páscoa.  
E, collendo por Cornide,  
E dempóis baixando á Granda  
Foron caer xunto ao Pazo,  
Donde xa sonaba gaita  
Do Xugo, e a muiñeira  
Uns danzarís punteaban,  
E tumbaban os foguetes,  
Chamando polas rapazas.

### II

Na cabeceira dun souto,  
Debaixo dun castiñeiro,  
Que, coas súas longos canas,  
Abertas aos catro ventos,  
Cubría máis do que conden  
Sete, ou oito, ou dez palleiros.  
Pra dar a faterna á xente,  
E como dicindo: védeo,  
Os armantes da corrida  
Andaban co galo ceivo,  
Cunha canga que lle póran  
A unha perna cun atrelo.  
E ben podían mostrarse  
Finchados e satisfeitos;

Porque, de altor e de lombo.  
Era, sin chufa, un becerro.  
E logo co seu gran rabo,  
E o papo feitos espellos;  
E coas calzas, e a súa crista,  
De roxa o sangue berquendo...!  
Daba pena de que fosen,  
Tan rufo e majo, a correlo,  
Pero... caéralle a facha,  
E non houbo máis remedeo.  
E anasárono no focho,  
Co bargo a medias cuberto,  
Pra que botase de fora,  
Do pescozo, máis do tercio;  
E os amigos da lareta  
Romperon con el a berros:  
—¡Quén cho dixera onte á tarde.  
Cando, do cacho ao poleiro,  
Volteabas entre as galiñas  
Cacarexando tan teso!  
—Pois, que acadulle; que a raiola  
Do sultán tamén ten termo...!  
—E, no intre que lle duróu,  
Tivo o que moitos non temos...!  
—¡Cómame o cuzo!  
—¡Cegue eu!  
—¡E sin pagar un mal censo!  
E así, cada un coas máns,  
Mataron o escarabello  
Hastra que tiraron sortes:  
Que, entonzas, todos, correndo,  
Se puxeron nas duas ringras;  
E comenzóu.

—Ai, laberco!

¿Seique pensas que ha valerche



Calares? (Salta o primeiro,  
Dende do fite) ¡Non soñes;  
Que nin coa bula de Meco  
Pasas de min! E, co zoco  
Tentando ben o campelo,  
Pra ventar donde pousada,  
Colléu cara ao galo dreito;  
E, cando coidou que o tiña  
Pra cascarlle a corpo che,  
Fincou un xonllo na terra  
E deu o golpe; mais deuno  
Un si é non é contra zurda,  
E unha miguiña traseiro;  
E, en canto de bater nil,  
Tronzou dous cardos tarrelos;  
E todos deron en rirse  
E aboialo:

—¡Doute ao deño;  
Non habías de ir máis adiante,  
Cara de mama no dedo!  
— ¡Ai, home, como así atines  
Pra a cama, desque o Currego  
Che entregue a filla ¡así eu medre  
Se ha de quedar sin ver netos!  
—Vaia; pois vou eu alá,  
A ver si lle gano en tentó.  
(Dixo o segundo). E estearse,  
Que son un pouco pereno.  
E saléu, dando no aire  
Fouciñadas a bandeio;  
E andivo con cen figuras,  
E cen paradas sin xeito;  
E acabou, perdendo o Norte,  
Indo a pegar nun cancelo,  
Desviado un estadal...

E ¡Dios! como alí o puxeron!  
Si ten vergonza, non volve  
Nin a ver galos de lexos!  
—¡Siga a corrida!  
—¡Que siga!  
—¡Pois, ala, adiante; e calemos!  
(Barbullaron non sei cántos)  
—¿A quén toca?  
—A este requeno  
Do Casal de Villaverde,  
Que é o que vos vai deixar cegos,  
(Falou o tal). Traguéi todo.  
¿Dónde está o pano? Poñermo.  
E púxoselle; e deixouse;  
E empezou pintando o bébedo,  
Torcendo un pouco o camiño;  
Pro, ás dez pasadas, volveuno  
A coller, tirando á dreita,  
E, cal si os ollos cubertos  
Non tivera, onde compría,  
Baixouse, e ¡zas! polo medio,  
O pescozo, ao probe galo,  
Lle rabenou.  
—¡Non sirve eso!  
—¡Eso non sirve!  
—¡Non sirve!  
—¡Non; que non somos de Estelo  
Pra no entendervos as señas,  
A tusir! ¡Coiro, cos nenos,  
E coas mañas que eles usan!  
—¡Ti si que estás un mañego...!  
—¡Esteña canto queirades;  
Pro no encarta...  
—¡Bueno, bueno!

—¿Seique non andas a gasto  
sin fregas!  
—Si; cal se deron  
Fai dous anos, pra ensiñarvos  
Cortesía, no Convento...!  
E, neste punto; aos colares  
Se lle botou un porquello;  
(E o alcume dos da Costa,  
Valiño e o Formigueiro)  
E, afeitando, a sometidos  
Ou sacodindo cos pértegos.  
Nun mal esberrar, armouse  
A estarabouza do demo;  
E, fora de poucos, todos  
Sangraban coma carneiros;  
E ao que a prantaba de guapo  
Mazotáronlle os cotenos,».  
E, tordea que tordea,  
Foi caer onde a un centeo;  
E houbo que atarlle as vidallas,  
E, con vino, darlle alentos...!  
  
E dirá alguén: ¿e do galo,  
Con tanto aquel, que fixeron?  
Pois, iso é o que naide soupo.  
Virón o focho valeiro,  
Cando por el ir se quixo;  
E nomáis. Soilo, algún tempo  
Dempóis correuse que foran  
Aquela noite a cás Petos  
De esmorga, cinco rapaces;  
E, que, ao amencer, nos Remedios,  
Ao tornaren pra o seu burgo,  
Ríanse a escachar, desfeitos,

Poñendo ben unhas prumas  
Que levaban nos sombreiros...  
Pro, foron faladurías:  
¡Quén sabe o que houbo de certo!



